

**BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAL EXPERTO EN COOPERACIÓN  
INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO**  
**Orde do 6 de maio de 2016 (DOG 25 /05/2016)**

**AVALIACIÓN PROVISIONAL DOS MÉRITOS**

En cumprimento do disposto na base quinta, apartados terceiro e cuarto da Orde do 6 de maio de 2016 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras para a convocatoria das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento, unha vez finalizado o proceso de avaliación dos méritos dos/as solicitantes, a comisión de avaliación fai pública como anexo a esta resolución na páxina web <http://www.cooperaciongalega.org/> a lista de candidatos/as por orde alfabética e de puntuación, abríndose un prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte da data de publicación desta lista, para a realización de reclamacións e consultas sobre ela.

As reclamacións ou consultas remitiranse necesariamente por correo electrónico ao secretario da comisión avaliadora, ao seguinte enderezo: [guillermo.tero.pineiro-maseda@xunta.gal](mailto:guillermo.tero.pineiro-maseda@xunta.gal)

A data límite para o envío das reclamacións sobre a lista provisional é o día 19 de xullo.

De acordo co disposto no apartado quinto da dita base quinta da Orde de Convocatoria, a comisión de avaliación fixará a puntuación mínima para acceder á fase de entrevista no momento da publicación da lista definitiva de valoración dos méritos.

As horas das entrevistas serán fixadas, unha vez resoltas as reclamacións presentadas, no momento da publicación da lista definitiva de valoración dos méritos dos/as aspirantes.

Infórmase de que tense previsto a realización das entrevistas persoais en Santiago de Compostela o día 28 de xullo.

Santiago de Compostela, a 13 de xullo de 2016

A presidenta da Comisión de Avaliación



Pilar Romero Rodríguez